

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE NOIA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cruceiro de Eiroa
LUGAR: Eiroa
PARROQUIA: Barro (Santa Cristina)

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2.16

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Núcleo Rural Histórico
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral Viario
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 509.598 Y 4.739.082

LOCALIZACIÓN EN PLANO:


EX-04
OD-Z-10

ADSCRICIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura dos camiños
ADSCRICIÓN CULTURAL:
CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

CONSERVACIÓN: Boa



DESCRICIÓN:

Cruceiro construído en granito, con plataforma cuadrangular de tres chanzos con inscricións, sobre a que se asenta un pedestal cuadrangular moi moldurado e cunha gran escocia. O varal é de sección octogonal, comeza e remata cadrado e cunha imaxe labrada a media altura. O capitel é cuadrangular con astrágalo liso cuadrangular e ábaco de lados curvos cos vértices achafranados. A decoración realízase mediante volutas e anxos. Enriba aséntase a cruz de sección circular, leñosa con nós. No anverso aparece a imaxe do desencravo de Cristo. Dous homes descenden o corpo de Xesús para entregalo á Nai que se atopa axeonllada. No reverso aparece a Virxe María. Ó seu carón sitúase un peto de ánimas exento.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE NOIA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Peto de Ánimas de Eiroa
LUGAR: Barro
PARROQUIA: Barro (Santa Cristina)

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2.43

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Núcleo Rural Histórico
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral Viario
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 509.596 Y 4.739.075

LOCALIZACIÓN EN PLANO:


EX-04
OD-Z-10

ADSCRICIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura dos camiños
ADSCRICIÓN CULTURAL:
CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:


CONSERVACIÓN: Boa



DESCRICIÓN:

Peto de ánimas formado por unha columna rematada por unha fornela aberta de cantería de granito con arco de medio punto. No interior imaxe labrada en granito.

Para informe



SOLICITUDE DE RESTAURACIÓN E LIMPEZA DO CRUCEIRO DE EIROA, NOIA

A/At. do concellal responsable da área de Cultura e Patrimonio

Debido ao mal estado de conservación do denominado Cruceiro de Eiroa (desencravo do ano 1879) e moi especialmente do *peto de ánimas* anexo, solicito que o Concello de Noia proceda a tramitar ante A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de la Consellería de Cultura una solicitude de actuación, tanto do cruceiro e do *peto de ánimas* como do entorno no que se ubica, xa que a proliferación de herbas e matoxos perxudican tanto a estética do conxunto artístico como á propia pedra, invadida por musgos e líquenes.

Ao mesmo tempo, ofrézome para axudar nos trámites e xestións necesarios para levar a cabo a actuación solicitada.

Fdo:

Rafael García García
(CIF: 78784925N)

A handwritten signature in black ink, appearing to read "Rafael García", written over a set of horizontal lines.